



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Pontevedra. Concello: Pontevedra ao noreste e Marín ao sur.
Parroquias: Santo André de Lourizán en Pontevedra, e San Xián de Marín, Santa María do Porto de
Marín e algunhas pequenas áreas en San Xurxo de Mogor ao oeste de Marín. Extensión: 5,09km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Ausencia de liña de costa natural, modificada totalmente polas obras portuarias de carácter civil e militar. Pola súa banda a vertente traseira está formada por unha ampla conca sucada por pequenos canles fluviais entre os que destaca o Río Lameira. Na súa parte central onde se localiza o núcleo urbano de Marín, o fondo é plano ou con escaso desnivel colmatado por depósitos aluviais e de vertente. No medio destacan pequenos relevos residuais e cara aos seus extremos a pendente aumenta progresivamente ata alcanzar as elevacións montañosas que enmarcan a unidade, coma os altos de A Moreira e de Pornado.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

O centro da unidade atópase dominado por unha serie de depósitos aluviais y coluviais que se prolongan ata o sur polo interior seguindo os vales dos cursos fluviais. En cambio, a capa basal componse de granitos de afinidade alcalina, concretamente de granitos de feldespato alcalino, que no oeste dos depósitos cuaternarios e nalgúns sectores do suroeste e do sueste, están recubertos por rochas metamórficas do Complexo de Cabo D'Home – A Lanzada.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual que supera os 15°C (algo inferior na cabeceira de la vertente) e precipitacións acumuladas durante o ano de 1200mm a 1400mm. La oscilación térmica alcanza valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. Ambiente climático Cálido e Húmido que evoluciona a Moi Húmido no Coto de Penizas, onde se recollen ata 1600mm de precipitación ao ano.

OS SOLOS

A presenza da cidade de Marín, o porto, e a Escola Naval transformaron notablemente a franxa costeira da unidade de xeito que os solos modificados do tipo antrosol son maioría neste sector. Pola súa banda, a vertente traseira está formada principalmente por cambisoles dístrico-úmbricos con usos agropecuarios e umbrisoles de aptitude forestal xa limitados ao seu tramo superior.


AS AUGAS

O río Lameira é, xunto co seu afluente o regueiro da Agrela, o principal colector da conca hidrográfica da unidade de Marín. Desemboca a Augas Costeiras da Ría de Pontevedra (20154) no porto de Marín, aínda que ao oeste, estas augas identifícanse baixo o código 20165.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade coa fronte totalmente transformada, non podendo destacar ningún hábitat natural. A zona urbana e periurbana de Marín só deixan lugar a lugares de valor ecolóxico nas partes altas da ladeira costeira e no sector occidental, menos ocupado e que conta ademais co curso fluvial do Río Lameira. Son masas de frondosas autóctonas en réxime mixto, é dicir, compartindo espazo con árbores non propias dos hábitats de interese. Ademais, a súa orixe é tamén diversa: desde pequenas agrupacións de frondosas ripícolas (91E0, bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior, Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae) a aquelas que derivan de procesos de recolonización a partires de campos abandonados, o as que comparten o espazo deixado por antigas carballeiras (9230) e soutos (9260).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Toda a fronte litoral e a zona central da unidade está ocupada por usos urbanos, sendo este o uso maioritario do sector. Presenta diferentes tecidos urbanos, onde se alternan usos residenciais, industriais e de infraestruturas, nun solo caracterizado pola súa elevada artificialización e intensidade de ocupación. Únicamente as vertentes traseiras presentan agras de cultivo e as zonas máis elevadas situadas nos extremos meridionais presentan usos forestais. Destacan no ámbito a Escola Naval e o Porto de Marín, por ocupar a totalidade da fronte costeira do sector.

MORFOLOXÍA

Esta unidade abarca boa parte do municipio de Marín, sendo un dos principais núcleos urbanos da península do Morrazo, exceptuando a parte oriental que pertence ao municipio de Pontevedra. Predominan os edificios compactos, continuos e de gran volume, situados ao longo das principais estradas (PO-551, PO-546, PO-313, N-558, PO-11, PO-546). Os abundantes crecementsos residenciais de carácter espontáneo, vanse mesturando con edificacións de tipoloxías máis propias de tecidos rurais e debido a que se van situando progresivamente en cotas máis elevadas, xeran unha paisaxe edificándoa en vertente, sendo as vivendas máis elevadas do sur do sector de carácter rural (A Laxe, O Carregal e A Porteliña), asociadas a agras de cultivo e a vías de comunicación secundarias. Marín recoñeceuse como núcleo de identidade do litoral

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Unidade que presenta unha profusa rede de estradas. Las principais vías que transitan lonxitudinalmente pola costa (PO-546, autovía PO-11, N-558), xunto coa PO-551 (al oeste), a PO-0019 (ao sueste) e a PO-313 (de norte a sur), son as que artellan os principais asentamentos de poboación do ámbito. Polo sueste, á altura de Coto de Pornado, transcorre a vía rápida VRG-4.4. O resto da rede está formada por unha alta densidade de vías secundarias e pistas que comunican os núcleos illados, ademais de estruturar o parcelario agrícola existente. O porto a día de hoxe ten un importante tráfico de graneles sólidos, pesca, pasta de papel, colectores e mercancías en xeral, e está formado por numerosos peiraos de mercancías y pesqueiros cos seus correspondentes instalacións de apoio.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A riqueza patrimonial da unidade é aportada fundamentalmente por elementos de patrimonio arqueolóxico, como a vila romana da Rúa Real, o petroglifo de Laxe conta coa declaración de Ben de Interese Cultural, o xacemento de As Xesteiriñas e o Castro de Subidá. Por último destacar o Castro de Camboa situado ao nordés, en Lourizán. No núcleo urbano de Marín está representado o patrimonio etnográfico coas igrexas de Santa María do Porto e a igrexa Parroquial Nova, englobadas dentro da arquitectura relixiosa. O convento da Inmaculada e o palco da Música como elementos do patrimonio civil, e por último resalta a importancia histórica que ofrecen as instalacións da Escola Naval de Marín.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Marín é unha das cidades pequenas con maior crecemento de Galicia, asociado á proximidade de Pontevedra, as instalacións militares e o auxe das instalacións portuarias. A paisaxe caracterízase por ser un entorno notablemente humanizado, no que a maior parte do territorio foi modificado polo home, especialmente a franxa litoral, a cal foi totalmente transformada polas obras portuarias de carácter civil e militar. Os crecementos espontáneos prodúcense cara ao interior da unidade, asentándose progresivamente en cotas máis altas. O relevo vai elevándose cara ao sur do sector, alcanzando as maiores altitudes os extremos, onde se atopan os Altos da Moreira e de Pornado.

DINÁMICA DA PAISAXE

A evolución do municipio de Marín estivo sempre fortemente ligada á o seu porto, xa que a súa actividade portuaria se constata desde a antigüidade (época romana), sendo naquela época unha importante vía de comunicación marítima. A mediados do século XVIII, o importante auxe da actividade comercial e industrial da Ría de Pontevedra impulsou o crecemento económico e poboacional de Marín apoiándose nas actividades portuarias. O crecemento do Porto de Marín nas últimas décadas foi bastante significativo e o crecemento da trama urbana seguiu coma eixes de referencia o litoral e as principais vías de comunicación, que xunto coa aparición dun notable rururbano espontáneo, provocou unha diminución considerable do mosaico agrario

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A dominante presenza das instalacións portuarias resta atractivo á frente litoral. Non obstante, a estrutura netamente urbana de Marín, su identidade propia e o marco no que se asenta, entre a ría e o pano quebrado de fondo formado polos montes de A Moreira e Pornado, que permiten a observación do conxunto da área, confírenlle valores paisaxísticos que merecen ser destacados.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



